

PROTOCOLO E NORMAS DE USO

1. Destinatarios

Poderá solicitar a utilización da **Aula nova** e do seu equipamento todo o persoal docente que pertenza aos corpos que imparten as ensinanzas establecidas na LOE e destinado, durante o curso vixente, en centros educativos públicos. Terá preferencia o profesorado destinado en centros da zona CAFI.

2. Procedemento de solicitude

A solicitude deberá efectuarse a través do formulario que se pode atopar en www.aulanova.gal.

Xunto coa solicitude adxuntarase un arquivo coa descrición do(s) proxecto(s) que se quere(n) levar á práctica e especificarase tanto o número de persoas que desenvolverán o traballo así como se se precisa asesoramento/acompañamento durante o seu desenvolvemento.

A(s) persoa(s) solicitante(s) recibirá(n) por correo electrónico unha confirmación ou denegación da súa solicitude. No caso de ser aceptada, indicaráselle unha persoa de referencia no CAFI.

Desde o CAFI valorarase a posibilidade de que convivan ao mesmo tempo persoas con distintos proxectos. Será competencia do CAFI determinar o número máximo de persoas que poderán usar de xeito simultáneo os recursos e materiais da Aula nova.

3. Normas de uso

A concesión de uso da **Aula nova** implica a aceptación por escrito e o cumprimento das seguintes normas de uso:

- Non se permite modificar ou alterar sen permiso a ubicación do mobiliario ou de calquera elemento decorativo.
- Nos equipamentos da Aula só poderá estar instalado o *software* e as aplicacións que determine o CAFI. No caso de precisarse algún tipo de *software* complementario, deberá indicarse no formulario de solicitude. No caso de que proceda, a instalación realizarase por parte do CAFI.
- Os usuarios almacenarán os seus ficheiros de datos nos seus propios discos. O CAFI non se fará responsable da perda de ficheiros de datos que tiveran quedado almacenados en discos duros.
- Cumpriranse en todo momento as medidas de seguridade indicadas para cada espazo/material/ferramenta.
- A persoa solicitante responsabilizarase de calquera desperfecto ocasionado no material ou no espazo derivado do mal uso do mesmo.
- Os usuarios colaborarán na limpeza, orde e xestión dos espazos deixando recollido o seu posto de traballo antes da hora de peche.
- A persoa solicitante poderá empregar o material e mobiliario da **Aula nova** e deberá aportar todo aquel material necesario para o(s) seu(s) proxecto(s) do que non se dispoña na **Aula nova**. Na resposta á súa solicitude indicaráselle con que material poderá contar.
- A persoa solicitante comprométese a deixar evidencias do proxecto desenvolvido na **Aula nova**, coa finalidade de crear un banco de recursos, fichas e proxectos dispoñible para todos os usuarios. Os recursos compartidos deberán ser creados cunha licenza Creative Commons BY NC SA.
- Non está permitido o consumo de alimentos e bebidas externos.

4. Horario de uso

A Aula nova estará aberta, como norma xeral, de luns a xoves en horario de 10:00 a 13:45 e 16:30 a 19:45 e venres de 10:00 a 13:45.